

# O Museo Provincial, unha gran domus en época romana

**MUSEALIZACIÓN. RESTOS DA ANTIGA EDIFICACIÓN MÓSTRANSE IN SITU NA ZONA AMPLIADA DO CENTRO CULTURAL DA PRAZA DA SOIDADE**

Aurelia Balseiro García,  
Enrique Alcorta Irastorza y  
M<sup>a</sup> Ofelia Carnero Vázquez

**O** S FONDOS arqueolóxicos do Museo Provincial de Lugo abranguen cronoloxicamente dende a Idade da Pedra Lascada (Paleolítico) ata a Idade Contemporánea.

Na exposición permanente amósase unha parte dos materiais conservados distribuídos en varias localizacións: na planta baixa, claustro e sala capitular concéntrase a colección de heráldica, epigrafía romana e medieval. Preto, na sala 7, custódiáanse exemplos de plástica provincial romana, principalmente mosaicos, como o conxunto localizado en 1986 na rúa Bispo Armanyá, xunto con varios exemplares de esculturas e relevo dos que destacan as senlleiras estelas bifrontes. Seguindo o percorrido expositivo, na primeira planta continuarían

nos no claustro superior (salas 8, 9 e 10) rematando na sala 28 coa colección de lucernas.

De todo o patrimonio arqueolóxico custodiado no Museo Provincial de Lugo, unha porcentaxe elevada son restos e pezas romanas, algo lóxico tendo en conta o pasado de Lucus Augusti como cidade imperial. Non obstante, hai unha parte que pasa máis desapercibida por mor da súa situación, un pouco afastada da devandita exposición estable de arqueoloxía. Estamos a falar duns restos romanos que se atoparon cando se realizou a ampliación do museo cara ao espazo baleiro na parte norte deste inmoble co proxecto do arquitecto A. González Trigo no século pasado.

Así, no ano 1991, como paso previo ás obras de ampliación do Museo Provincial de Lugo, procedeuse a unha intervención arqueolóxica dirixida por Luis Francisco López (Terra Arqueos) que afectou ao subsolo das actuais Sala 7 e sala de exposicións temporais, daquela



terreos do antigo convento.

Como resultado, localizáronse os restos dunha construción verticalizada ao redor dun gran patio central, de 19 metros de longo polo menos, delimitada espacialmente por un corredor ou pórtico perimetral duns 2,5 metros de anchura no que converxen diversas estancias, algunhas das cales contaban cun sistema hidráulico de entrada e evacuación de augas.

Nunha primeira interpretación, o conxunto parece formar parte dunha gran domus, unha casa rica, sen descartarse outros posibles usos. Debía estar construída, na súa primeira fase, a finais do século I d. C., baixo a dinastía Flavia, sendo reformada trescentos anos despois, no século IV d. C., coa creación de novos ámbitos ou superposición de novos muros sobre os anteriores.

Na ampliación programada, co afán de conservación do MPL e da Deputación patrocinadora das obras, máis aló da simple función de garda e custodia de obxectos, a planta da edificación romana localizada foi "redibuxada" no pavimento desta nova sala de exposicións temporais, mediante placados de granito de ton máis claro que destacan sobre o gris das laxas de lousa que conforman o chan xeral.

Da mesma maneira dous dos elementos mellor conservados deixáronse á vista in situ: por unha banda, un segmento do pavimento de grandes laxas graníticas que constituía o chan do

pórtico perimetral en torno ao gran patio central. E por outro lado, un novo segmento da canle que desde algunhas das estancias, correndo baixo o chan do pórtico, continuaba en

dirección W-E polo patio central. Este último elemento, dado que non se atopa na cota do chan, procedeu a integrarse mediante unha ventá arqueolóxica.

En definitiva, a musca-

Redebuxo da planta da vella domus no chan da sala de exposicións e canle romana in situ.



**2º torneo de la cerveza LUCUS PÁDEL**

del 24 de junio al 2 de julio

**PREMIO tu peso en cerveza**

PREMIO DE INSCRIPCIÓN

**SOCIOS**  
una inscripción e 1 litro de cervesa de 0 a 18 categorías e 3 litros de cervesa de 19 a 21 categorías

**NO SOCIOS**  
una inscripción e 0,5 litros de cervesa de 0 a 18 categorías e 1 litro de cervesa de 19 a 21 categorías

**PREMIO ESPECIAL**  
madrugada 1 21 - 27 - 27 - 27 - 27 - 27  
tarde 1 27 con cervesa e 27 - 27 con cervesa e 27  
noite 1 27 - 27 - 27 con cervesa e 27

colabora: **EL PROGRESO**



Sala na que se amosan dous mosaicos romanos atopados na cidade.

lización deses restos romanos aparecidos no contexto das obras realizadas, permítenos ter presente que estamos pisando chan romano, namentras vemos unha exposición temporal ou admira-

mos obras de arte, e comprobar que a conservación e integración do patrimonio arqueolóxico pode misturarse con outras funcións no caso de edificios históricos ou declarados Ben de Interese Cultural,

Esta integración é unha actuación patrimonial que amosa solucións para a visualización de elementos pertencentes a antigos edificios reformados para novas funcións

museísticas. A musealización do patrimonio arqueolóxico é un eixe temático transcendental para Lugo polo que nas vindeiras Xornadas Europeas do

Patrimonio, organizadas desde 2010 polo Instituto Nacional de Investigación Arqueolóxicas Preventivas (Inrap) protagonizará unha mesa redonda no Museo Provincial de Lugo.